

## **CIRCULAR INFORMATIVA – INICIO CURSO 2024/2025**

### **1. Calendario Escolar.**

Estará dispoñible na web do centro despois de que o Consello Escolar decida os dous días non lectivos que vai solicitar na súa reunión do martes 10 de setembro.

Tamén se expoñerá nos taboleiros de entrada, tanto da Avda. de Oza como da rúa Buenavista.

### **2. Horario de atención ao público da Secretaría.**

O horario de atención ao público da Secretaría do CEIP Sal Lence será de luns a venres de 9:00 a 9:45.

### **3. Horario de atención do Equipo Directivo.**

A atención do equipo directivo farase previa cita solicitada ao correo do colexio [ceip.sal.lence@edu.xunta.gal](mailto:ceip.sal.lence@edu.xunta.gal) ou ben solicitude por escrito entregada en Conserxería. Tanto por un medio como polo outro se deberán indicar os datos da persoa solicitante e o motivo.

### **4. Cambio de Atención Educativa/Proxecto Competencial a Relixión ou viceversa.**

Este cambio poderá realizarse ata o día 13 de setembro na Secretaría do centro.

### **5. Reunións de principio de curso.**

Terán lugar nas aulas correspondentes de cada grupo, coas datas e horas sinaladas a continuación e que xa foron publicadas na web os pasados días 3 (Ed. Infantil) e 4 de setembro (Ed. Primaria):

<b>CURSOS</b>	<b>HORA</b>	<b>DÍA</b>
4º Infantil	12:00	Luns, 9 de setembro
5º Infantil	11:00	Luns, 9 de setembro
6º Infantil	10:00	Luns, 9 de setembro
1º Primaria	16:00	Luns, 16 de setembro
2º Primaria A/B	16:00	Luns, 16 de setembro
3º Primaria	16:45	Luns, 16 de setembro
4º Primaria A/B	16:45	Luns, 16 de setembro
5º Primaria	17:30	Luns, 16 de setembro
6º Primaria A/B	17:30	Luns, 16 de setembro



## **6. Saídas do alumnado do centro e lista de autorizados.**

Ningún alumno/a pode saír do colexio a non ser que veña a recollelo o seu pai/nai/titor legal ou persoa autorizada por estes, agás o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que poderá deixar o centro, á hora fixada de saída, sen ser recollido. Sempre e cando teñamos autorización escrita do pai/nai ou titor/a no modelo que se lles facilitará o primeiro día do curso ao alumnado deses niveis.

No caso de existir algún cambio na lista de persoas autorizadas para recollida do curso pasado deben indicarllo ao titor/a que lles facilitará o impreso para actualizar a información.

## **7. Entradas/Saídas do alumnado.**

Faremos igual que o curso pasado. Horario de 9:00 a 14:00, agás infantil que por razóns organizativas adiantan a saída ás 13:50.

- Alumnado de Ed. Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria: polo portalón verde da rúa Buenavista.
- Alumnado do 2º ciclo de Ed. Primaria: pola porta principal da Avda. de Oza.
- Alumnado do 3º ciclo de Ed. Primaria: pola porta secundaria da Avda. de Oza (á esquerda da principal).

## **8. Material Escolar e libros.**

As familias de Ed. Infantil poderán traer o material/libros ao centro en bolsas etiquetadas co nome do neno/a e da clase na que está. Deixándoo en Conserxería. Tamén poden levalo directamente a súa aula o día da reunión coa titora.

O alumnado de primaria poderá traelo progresivamente ao longo dos tres primeiros días do curso.

No caso de ser beneficiario do fondo de libros o primeiro día de clase os titores/as farán entrega dos mesmos para que os leven a casa para etiquetar e forrar (de ser preciso), e logo traelos de volta (priorizando os do primeiro trimestre).

A Coruña, a 5 de setembro de 2024

O equipo directivo